



AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN

RESOLUCIÓN pola que se aproba a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso para a cobertura de tres postos na Axencia Galega de Innovación de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius, convocados pola Resolución do 30 de outubro de 2020 (DOG núm. 20, do 1 de febreiro de 2021)

Mediante a Resolución de 12 de marzo de 2021, na páxina web da Axencia Galega de Innovación, publicouse a relación provisional de admitidos e excluídos no proceso de selección para a cobertura de tres postos de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido convocado pola Resolución do 30 de outubro de 2020 (DOG núm. 20, do 1 de febreiro de 2021).

Transcorrido o prazo que se establece na convocatoria para presentar as correspondentes alegacións, esta Dirección

RESOLVE:

Elevar a definitiva a relación de admitidos e excluídos para a cobertura de tres postos de persoal investigador da Axencia Galega de Innovación baixo a modalidade de persoal investigador distinguido (Anexo).

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Dirección da Axencia, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación na páxina web gain.xunta.gal, de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, ou poderase interpoñer directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados desde a mesma data, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

En Santiago de Compostela, asinado dixitalmente na data que consta ao marxe

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar





ANEXO

LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS

PRAZA NÚMERO: 1

DOMINIO ERC: Ciencias físicas e enxeñaría

POSTOS: 1

ANO DA CONVOCATORIA: 2020

PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA: Diario Oficial de Galicia do 1 de febreiro do 2021 (Núm.20)

DATA DO LISTADO: 24 de marzo de 2021

ADMITIDOS:

APELIDOS	NOME	NIF/NIE/PASAPORTE
Montenegro Garcia	Javier	***6851**

PRAZA NÚMERO: 2

DOMINIO ERC: Ciencias da vida

POSTOS: 1

ANO DA CONVOCATORIA: 2020

PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA: Diario Oficial de Galicia do 1 de febreiro do 2021 (Núm.20)

DATA DO LISTADO: 24 de marzo de 2021

ADMITIDOS:

APELIDOS	NOME	NIF/NIE/PASAPORTE
Varela González	Sara	***6945**

PRAZA NÚMERO: 3

DOMINIO ERC: Ciencias socias e humanitarias

POSTOS: 1

ANO DA CONVOCATORIA: 2020

PUBLICACIÓN DA CONVOCATORIA: Diario Oficial de Galicia do 1 de febreiro do 2021 (Núm.20)

DATA DO LISTADO: 24 de marzo de 2021

ADMITIDOS:

APELIDOS	NOME	NIF/NIE/PASAPORTE
Pansera	Mario	***9284**

